



# CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO: ADMISIÓN CANDIDATOS E NOMEAMENTO TRIBUNAL SELECCIÓN PEÓN APROL**  
**EXPEDIENTE: 2025/G003/000204**

### ANTECEDENTES:

A Xefatura Territorial na Coruña da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, mediante Resolución de data 15 de maio de 2025, aprobou a concesión dunha subvención por importe de 16.602,00 €, para a contratación dun Peón Xeral durante un período de 9 meses, para a realización das obras contidas no proxecto denominado PROXECTO DE LIMPEZA DE ESPAZOS NATURAIS PARA CONSERVACIÓN e TAREFAS DE APOIO NO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS, ao abeiro da Orde do 5 de marzo de 2025, publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 50, do 13 de marzo de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural). Por Resolución da Alcaldía número 185/2025, de data 05/06/2025, aceptouse a citada subvención e acordouse presentar na Oficina de Emprego de Betanzos a correspondente oferta de emprego no modelo normalizado para o efecto, de acordo coa base 14.<sup>a</sup> da convocatoria, e se determinou que, para realizar a valoración e selección definitiva dos candidatos, se aplicaran os criterios establecidos no punto 10 das Bases reguladoras para a formación e funcionamento dunha Bolsa de emprego para posibles provisións temporais de persoal na categoría de Peón, aprobadas pola X.G.L. en data 02/04/2025, para cuxo efecto se lle concedeu aos candidatos un prazo de 2 días hábiles para que indicasen os méritos que querían que se lles valorasen e para que aporten a documentación que os xustifique.

Presentada a citada oferta e recibidos os currículos de demandantes que, segundo o Servizo Público de Emprego de Galicia se axustan ao perfil profesional que se solicitou, que constan no formulario de selección da oferta 12-2025-5470, e rematado o prazo de presentación de documentación para tomar parte no citado proceso de selección e logo de ver os informes e resto de documentación que constan no expediente electrónico, así como os prazos para a execución da subvención, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aceptar o seguinte formulario de selección da oferta 12-2025-5470, xunto cos currículos dos candidatos, remitidos polo Servizo público de emprego de Galicia:

Nome e apelidos
ALBERTO CORRAL MARTINEZ
MANUEL CORTIZAS CAABEIRO
ROBERTO DIAZ SALIDO
JOSÉ FILGUEIRAS FRAGA
RIZWAN GILL
JUAN GONZÁLEZ DIAZ
JUAN MANUEL MAROÑO GONZALEZ
JESÚS PÉREZ DIAZ

SEGUNDO: Admitir aos seguintes candidatos que constan no formulario de selección da oferta 12-2025-5470, remitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia, que solicitaron participar no proceso.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Nome e apelidos
MANUEL CORTIZAS CAABEIRO
JESÚS PÉREZ DIAZ
JUAN GONZÁLEZ DIAZ
JUAN MANUEL MAROÑO GONZALEZ

TERCEIRO.- Excluir aos seguintes candidatos que constan no formulario de selección da oferta 12-2025-5470, remitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia, polos motivos que se indican.

Nome e apelidos	Motivo
JOSÉ FILGUEIRAS FRAGA	Rexeita o posto alegando cuestións familiares
ROBERTO DIAZ SALIDO	Rexeita o posto alegando cuestións familiares
ALBERTO CORRAL MARTINEZ	Rexeita o posto alegando cuestións médicas
RIZWAN GILL	Non foi posible contactar

CUARTO.- Realizar a valoración dos méritos de todos os candidatos que solicitaron participar no proceso, segundo o indicado na Resolución desta Alcaldía 185/2025 de data 05/06/2025 de acordo aos criterios establecidos no punto 10 das Bases Reguladoras para a formación e funcionamento dunha Bolsa de emprego para posibles provisións temporais de persoal na categoría de Peón, aprobadas pola X.G.L. en data 02/04/2025

QUINTO.- Designar como membros do Tribunal de selección ás seguintes persoas:

Presidente: D.<sup>a</sup> Ruth Álvarez Grande. Persoal Laboral fixo do Concello de Monfero  
Vogal 1: D.<sup>a</sup> María Sanmartín Varela. Funcionaria do Concello de Monfero  
Vogal 2: D. José Amando Pena Vila Funcionario do Concello de Monfero  
Vogal 3: D.<sup>a</sup> María Vanessa Bouza Martínez. Funcionaria do Concello de Monfero  
Secretario: D. Baldomero Beceiro Alonso. Secretario Interventor do Concello de Monfero

Suplente de Presidente: D.<sup>a</sup> Rosa Novoa Paseiro  
Suplente de vogais: D.<sup>a</sup> Olga Anca Varela  
Suplente de Secretario: D.<sup>a</sup> María Sanmartín Varela

SEXTO.- Convocar aos membros do Tribunal, co obxecto de valorar os méritos dos candidatos e facer a proposta de selección ás 11:00 horas do día 20 de xuño de 2025, venres, na Casa do Concello, cuxo resultado publicarase deseguido no Taboleiro de Anuncios Electrónico Municipal.

SÉTIMO.- Facer pública a presente resolución, mediante a súa inserción no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello de Monfero, (aloxado na sede electrónica <https://sede.monfero.es> e na súa páxina web ([concellodemonfero.com](http://concellodemonfero.com)) e notificala aos membros titulares do Tribunal, que terán o expediente á súa disposición na Secretaría do Concello.

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento electrónico polo alcalde en funcións (Asinado para os efectos exclusivamente do artigo 3.2 do R. D. 128/2018, do 16 de marzo, e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro)

O Alcalde en funcións  
Alberto Cortizas Rejo

O Secretario  
Baldomero Beceiro Alonso